

**P R O X E C T O**

**L E C T O R**

**C.E.I.P.**

**PEDRO ANTONIO**

**CERVIÑO**

**CURSO 2019/2020**

## 1. INTRODUCCIÓN

Tendo en conta diversos estudos podemos afirmar con respecto ao hábito lector e en conseguinte á formación de lectores que a adquisición dun axeitado hábito lector é un elemento fundamental á hora de progresar académicamente xa que moitas aprendizaxes adquirense a partires de textos escritos. Permite entender o que se le sobre calquera materia e axuda a desenrolar a creatividade do alumnado. Canto máis adquirido estea o hábito lector, máis probabilidades terá o alumnado de avanzar no camiño do coñecemento.

A contribución do hábito lector ó desenvolvemento e adquisición das competencias básicas é vinculante dado que a lectura posibilita o avance global das mesmas, pero, a modo de exemplo podemos salientar a competencia en comunicación lingüística, a competencia de tratamento da información e competencia dixital, e de forma directa redunda no desenvolvemento das competencias de aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal acadando alumnado capaz de autoxestionarse e avanzar no seu propio coñecemento, aspectos metodolóxicos presentes nos enfoques construtivistas dos currículos actuais.

En base ao ata de agora exposto e tendo en conta a importancia que no desenvolvemento e na formación profesional ten a adquisición do hábito lector, vese necesaria a existencia dun documento ou proxecto que de xeito ordeado e sistemático vaia unificando actividades e obxectivos tendentes a acadar que a lectura ocupe un lugar preeminente na actividade escolar e extraescolar tanto do alumnado como do profesorado, que será en todo momento o punto de referencia e o modelo a imitar. Para iso, deberemos facilitar e posibilitar unhas condicións mínimas que favorezan o encontro entre o libro e o alumnado.

Todo o anterior supón a implicación por parte da totalidade da comunidade educativa en sentido horizontal: claustro, equipos docentes tendo especial relevancia o equipo de dinamización da biblioteca do centro educativo e as titorías. E tamén supón a implicación en sentido vertical participando en actividades coas familias e co resto da comunidade educativa.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN**

A biblioteca escolar atópase no segundo andar do centro educativo CEIP Pedro Antonio Cerviño. Contamos con zona de ordenadores, onde o alumnado pode consultar información; zona de mesas para traballo individual ou en grupo; zona de exposicións temáticas; zona de recomendacións e peticións e zona de préstamo e devolución.

Os nosos fondos bibliotecarios están debidamente catalogados o que quere dicir que levan un número de rexistro e unha etiqueta corresponde á información seguida pola Clasificación Decimal Universal, CDU. Desta forma temos todos os fondos bibliográficos sinalizados e ordenados.

Todos os espazos están perfectamente sinalizados e delimitados. Desta forma, o segundo o nivel lector dividimos a literatura en tres zonas diferenciadas por cores: pre-lectores cor azul, primeiros lectores de cor vermella e lectores autónomos de cor verde. Os libros que non pertencen á categoría de literatura están sinalizados mediante carteis e autobuses feitos para a ocasión seguindo a ilustración recibida da man da Asesoría de Bibliotecas Escolares. Tamén contamos cunha sección da biblioteca fóra do espazo propio da biblioteca, situada no primeiro andar á entrada do colexio, é a sección adicada ás familias. Nela poden atopar libros sobre a educación dos seus fillos e fillas así como contos para facer unha lectura conxunta.

## **3. PRINCIPIOS**

- A biblioteca é unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento do proxecto lector.
- A comprensión lectora é base de toda aprendizaxe, axudando a mellorar a comunicación oral e escrita, estimulando o espírito crítico e contribuíndo ao crecemento persoal do alumnado.
- A lectura comprensiva debe traballarse de forma conxunta coa expresión escrita e oral en todas as áreas do currículo.
- As actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario, respondendo ás características e necesidades do

alumnado.

- As familias teñen que constituír un eixo fundamental do proceso lector.

#### **4. O B X E C T I V O S**

Os obxectivos xerais que se propoñen neste Proxecto Lector para o presente curso educativo a nivel xeral e que, consecuentemente redundarán na adquisición de obxectivos do Plan Anual de Lectura son os seguintes:

- Fomentar no alumnado o interese pola lectura potenciando a formación de lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo sendo a basa de toda aprendizaxe.
- Desenvolver a capacidade lectora como medio para a adquisición do hábito lector.
- Descubrir a lectura como medio de ocio e disfrute persoal.
- Impulsar o gusto pola lectura a través dunha selección de fondos que se consideren oportunos para o interese e os coñecementos do alumnado.
- Trasladar a toda a comunidade educativa o interese pola lectura fomentando a participación das familias no centro educativo.
- Contribuír ao aprendizaxe e uso das novas tecnoloxías como fonte de información.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar convertíndoa na fonte de recursos e de construción de novos coñecementos.
- Afondar no dominio da lingua para que alumnado sexa capaz de planificar actividades e de transmitir mensaxes claros e coherentes.
- Exercitar a lectura expresiva empregando o ritmo, a entoación e a pronunciación axeitada.
- Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura.
- Incluír as dinámicas lectoras en pequenos proxectos e actuación tanto dentro como fóra do centro educativo: Salón do Libro, Lecturas na Carballeira, apadriñamentos lectoras, as familias contan...

## **5. ACTUACIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

1. Realizar unha proba que mida o grao en que o alumnado dispón dos coñecementos, habilidades e estratexias axeitadas.
2. Seleccionar lecturas complementarias en todos os niveis educativos, tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario.
3. Creación dun clube de lectura.
4. Incorporar actividades formativas relacionadas co uso da biblioteca.
5. Organizar e dinamizar a biblioteca escolar para que sexa un centro de recursos de apoio ao proxecto lector e ao currículo en xeral.
6. Incorporar as novas tecnoloxías como fonte de recursos e información.

## **6. ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O GUSTO E INTERESE POLA LECTURA**

- Elaborar guías de lectura coa finalidade do orientar ao alumnado e ás familias na súa elección de lecturas.
- Difundir entre a comunidade educativa a guía de usuarios da biblioteca escolar, un tríptico con información sobre horario, normas, préstamo, plano...
- Renovar os fondos da biblioteca atendendo ás necesidades, gustos e intereses do alumnado e profesorado.
- Exposicións temáticas dos fondos da biblioteca atendendo a celebracións, proxectos...
- Dramatizar contos, poemas...
- Elaborar un caderno de poemas.
- Nomear un responsable da biblioteca de aula de forma rotatoria.
- Escritura colectiva de contos.
- Técnicas de Rodari: actividades para xogar coas palabras e estimular a invención de historias.
- Elaborar finais alternativos a contos xa coñecidos.

### **ACTIVIDADES PARA CADA NIVEL EDUCATIVO**

**Infantil.** Esta primeira etapa do noso centro educativo destaca pola súa importancia, xa que é nesta etapa onde se asentan as habilidades posteriores no

desenvolvemento lector. Nesta etapa é moi importante o adulto como intermediario entre a lectura e o alumnado: a lectura de contos e a presenza de libros nas aulas e as visitas á biblioteca do centro crea un interese no alumnado que verase reflectido en etapas posteriores.

A selección dos libros presentados é moi importante xa que teñen que estar cargados de imaxes significativas e ter características de interacción do alumnado co libro. Cando xa van coñecendo letras introduciremos lecturas moi sinxelas de palabras ou frases.

**1º/2º primaria.** Esta etapa vai encamiñada a consolidar as destrezas e a velocidade lectora. É importante traballar co alumnado a comprensión lectora e o vocabulario. É preciso planificar:

- Actividades de lectura en tres pasos: antes de ler lese o título e coméntanse os posibles temas do texto. Durante a lectura en voz alta exercitando a entoación e o ritmo axeitados e progresivamente introducir a lectura silenciosa.
- Actividades de comprensión do lido.
- Actividades que exerciten a memoria lembrando elementos do texto.
- Actividades de vocabulario...

**3º/4º primaria.** Nesta etapa as actividades deben ir encamiñadas á comprensión lectora e á adquisición de vocabulario específico de cada materia.

- Actividades de lectura: antes, durante e despois da lectura seguindo o modelo anterior.
- Actividades de exercitación da habilidade visual buscando palabras.
- Actividades de exposición comentando e realizando xuízo persoal sobre o lido,
- Actividades de reflexión sobre o texto,
- Actividades de escritura,
- Taller de contos...

**5º/6º primaria.** Nesta etapa as actividades irán encamiñadas a acadar un análise máis profundo e completo dos textos e un manexo máis amplo da escritura a través dos distintos tipos de textos. En canto á selección de lecturas, debe elixirse un maior número de xéneros, adaptados á demanda do alumnado. Haberá actividades de traballo grupal, individual e colectivo.

- Actividades de lectura: antes, durante e despois da lectura.
- Actividades de comprensión do lido, empregando a expresión escrita e oral.
- Participación activa en propostas de animación da lectura.
- Lembrar, reflexionar e meditar o lido.
- Taller de prensa.
- Taller de contos e relatos...

## ACTIVIDADES SEGUNDO AS ÁREAS CURRICULARES

### **M a t e m á t i c a s**

- Trasladar o código lingüístico á linguaxe matemática e viceversa.
- Comentar e intercambiar ideas sobre a comprensión dos enunciados previa á resolución de problemas e na explicación dos mesmos e sobre a comprensión dos conceptos matemáticos traballados e construír as súas propias definicións.

### **L i n g u a**

- Ler textos de tipoloxía diversa con preguntas que recollan as principais dimensións da comprensión lectora: literal, inferencial, reorganizativa ou crítica.
- Realizar fichas con textos breves nas que o alumnado ten que responder preguntas en relación co escrito, podendo elixir entre varias alternativas, seleccionando a que se crea máis axeitada ó texto e inferindo o sentido implícito do mesmo.
- Autoanalizar o proceso de comprensión dun texto identificando os propios erros.
- Xogar cos textos: cambiar e/ou inventar o título ou o final; completar unha

historia dado o principio ou o final; comezar historias polo final; mesturar historias...

### ***Ciencias Naturais e Ciencias sociais***

- Elaborar mapas conceptuais.
- Realizar técnicas de estudo: subliñado, resumo, esquemas...
- Buscar e seleccionar información para ampliar ou reformar coñecementos.
- Realizar murais, carteis, presentacións,... sobre os temas traballados.

### ***Educación física***

- Buscar información nos distintos medios de comunicación sobre o tema que se está a traballar nesa unidade didáctica (deporte, xogo, saúde...).
- Recoller información e elaborar traballos a través das TICs
- Expor os traballos realizados na clase.
- Recoller e seleccionar noticias referentes a un deporte concreto.
- Elaborar un periódico mural con noticias elaboradas por eles mesmos sobre as actividades complementarias realizadas, con información sobre o regulamento deportivo ou dos xogos, a historia dos distintos deportes ou xogos, fotografías ou biografías de deportistas de sona, relacións entre o deporte e a saúde...

### ***Lingua estranxeira (Inglés)***

- Producir e interpretar textos en inglés con apoio visual
- Captar o sentido global de textos de distinta complexidade segundo o ciclo
- Comentar textos e completar frases coas palabras axeitadas.
- Ler textos breves relacionados co tema e responder a preguntas sobre eles.
- Aprender poesías, cancións...
- Realizar lecturas e descrições de personaxes.

### ***Relixión***

- Intercambiar ideas e opinións en asemblea sobre textos bíblicos.
- Traballar relatos bíblicos, describir as personaxes ou facer viñetas sobre



citas bíblicas.

- Ler contos breves nos que se resalten valores positivos.
- Buscar información en internet sobre Campañas Solidarias ou o respecto ós Dereitos Humanos
- Analizar personaxes bíblicos ou históricos resaltando as súas características.
- Inventar parábolas actuais e poñelas en común e interpretar as do Novo Testamento.
- Buscar información en distintos soportes (prensa, revistas, enciclopedias, libros de consulta...) sobre distintos temas.

### ***Educación artística***

- Realizar traballos plásticos a partires da lectura ou narración de textos.
- Creación de elementos plásticos para favorecer a comprensión oral ou escrita a partires de indicacións dadas.
- Audición de música para producir unha obra plástica.
- Buscar información sobre autores e as distintas tendencias musicais.
- Realizar fichas de autores que recollan a súa imaxe e as características máis relevantes da súa vida e obra.
- Realizar audicións expresando os sentimentos que produce e establecer relacións co que o autor quixo expresar
- Ler e cantar unha canción con distintas entoacións
- Escribir e ler letras de distintas cancións e formar un libro cancionero con elas.
- Inventar letras a partires dunha melodía e á inversa.

## ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES

Salón do Libro: en Pontevedra lévase a cabo ano tras ano a celebración do Salón do Libro. No centro mercaranse libros dos propostos neste proxecto e exoranse na biblioteca do centro para que poidan ser utilizados neste proxecto. A participación será decidida por cada mestre.

Nas distintas conmemoracións e actividades complementarias propostas tanto no calendario escolar como na Programación Xeral Anual poderanse realizar actividades vinculadas coa lectura como poden ser: lecturas de temas relacionados co magosto, a vendima, o Samaín, día da Paz, día de Muller Traballadora... e que irán xurdindo a medida que se vaia desenvolvendo o curso sendo unha proposta aberta.

Dende fai uns anos vimos celebrando o Día das letras Galegas cunha xornada que leva por título "Lecturas na Carballeira". Nesta xornada organizamos apadriñamentos de libros, regalamos poemas, facemos lecturas do autor homenaxeado, interpretamos pequenas obras...

Nesta actividade participa toda a comunidade educativa, xa que, é unha maneira de que o centro educativo sae ao entorno e se relacione coa xente do pobo. Desta maneira, contamos con persoas que voluntariamente participan neste evento, ben sexa narrando historias, ou contando lendas de Campo Lameiro, ou simplemente colaborando coa posta en marcha da actividade. Tamén participa de xeito activo o Concello de Campo Lameiro, e as persoas que traballan nel.

A "Hora de ler" como actividade ou dinámica diaria dentro do horario escolar, concretamente na hora seguinte ó patio, sendo este un espazo adicado á lectura como actividade primordial.

A "Hora de ler" realizada polo mestre que imparte clase na 4ª hora, convértese nun momento de ocio e disfrute do acto lector, contribuindo así á formación de lectores e lectoras competentes que len non só de xeito intensivo, senon por extensión e como unha actividade de lecer.

Así, dende este plan de lectura ofrécense algunhas recomendacións para articular a hora de ler como puideran ser:

- Lectura compartida, entre o alumnado da aula, é dicir, cada neno, nena le un fragmento dun conto, capítulo, episodio... e logo todos comentamos o lido.
- Lectura libre, silenciosa, de aqueles libros que o alumnado escolla libremente tanto na biblioteca de aula, de centro, ou aportacións voluntarias.

- Realización de lecturas interaulas e interciclos, coa finalidade de favorecer intercambios lectores, tutorizar ós mais pequenos e facer da lectura un acto compartido.
- Lecturas para a ampliación de contidos traballados na aula (non estará incluído o libro de texto). Neste caso, poderían ser artigos, prensa, bibliografía referida a contidos que se están a traballar...

## ACTIVIDADES PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Cómpre formular actividades específicas para o alumnado con NEAE e de procedencia do estranxeiro, os cales seguirán o ritmo da clase na medida do posible e atenderanse as súas necesidades dun xeito personalizado en sesións de apoio.

Entre outras actividades podemos indicar as seguintes:

- Formular actividades de comprensión lectora que se adecúen o nivel concreto do alumnado con algunha dificultade: comprender o contido liña a liña ou parágrafo a parágrafo.
- Practicar a lectura en voz alta de textos accesibles.
- Formular un tema de debate sinxelo para desenvolver a linguaxe oral.
- Facer actividades de busca de vocabulario para elaborar un dicionario persoal.
- Ofrecerlles literatura accesible axeitada ós seus intereses, sempre de calidade, de xeito que accedan a bos libros comprensibles para eles.

## **6. RECURSOS**

### **6.1. Recurso humanos**

Os recursos humanos para levar a cabo este proxecto lector está formado por todo o profesorado do centro educativo; é dicir, o claustro de mestres con especial vinculación por parte do Equipo Directivo e o Equipo de Biblioteca. Os seus membros relátanse a continuación:

Zaira Pardavila Freire (coordinadora)

José Luis Loureiro Durán

Gonzalo Lores Cons

Bernarda Búa Teixeira

Cristina Mariño Rodríguez

Paulo Bermúdez Búa

Susana Batallán González

Ana M<sup>a</sup> Figueiras Folgar

Dolores M<sup>a</sup> Mato Cores

Yolanda López Cruz

Óscar Abilleira Muñiz

Marta Filgueiras Martínez

### **6.2. Recursos materiais**

Os recurso materiais para desenvolver este proxecto lector están vinculados a aqueles fondos que están presentes tanto nas bibliotecas de aula como a biblioteca do centro educativo e en todas as súas seccións, que é unha ferramenta práctica dentro da vida escolar.

A maiores contamos con recursos presentes na comunidade educativa como pode ser a biblioteca pública próxima ao centro, o concello, recursos na web e materiais que se vaian adquirindo en relación coa lectura.

### **6.3. Recursos organizativos**

Todas as aulas contan cunha hora para acudir á biblioteca do centro e facer o préstamo, sendo os mestres e mestras os asesores da lectura, así como os membros do equipo da biblioteca e os membros do equipo voluntario da biblioteca.

Ademais destas horas a biblioteca está aberta de luns a venres durante o recreo 11:30 a 12:00 e pola tarde os luns, mércores e xoves de 17 a 18 horas.

## **7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Todo plan precisa ser avaliado de cara a valorar a súa eficacia e resultados coa finalidade de mellorar. De cara a final de curso nas reunións fara unha análise dos resultados para comprobar ata que punto se desenvolveron as iniciativas propostas. Realizaranse enquisas e informes onde se recollan opinións e valoracións de toda a comunidade educativa no referente ao funcionamento da biblioteca e os servizos que ofrece.

Ao rematar o curso elaborárase unha memoria final onde se recolla o grado de consecución dos obxectivos propostos neste plan así como as propostas de mellora co fin de mellorar de forma progresiva. Todas as conclusións e propostas formarán parte da memoria final do curso como elemento de reflexión e mellora das accións plantexadas no centro educativo.

A continuación enuméranse unha serie de criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e o logro dos obxectivos propostos:

- O índice de lectura e o hábito creado a través dos controis do préstamo da biblioteca.
- O grao de autonomía, colaboración e participación do alumnado nas actividades propostas dende a biblioteca escolar.
- A valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.
- O grao de implicación e participación da comunidade educativa coa biblioteca.
- A inclusión do uso da biblioteca como fonte principal de información e lectura.